

Informe 2/2008 de 15 de abril de 2008: ADXUDICACIÓN DUN CONTRATO A UNHA EMPRESA QUE NON ESTÁ CLASIFICADA.

ANTECEDENTES

Polo Secretario Xeral da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia solicítase informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa que literalmente di:

A “Feria Internacional da Industria Naval (NAVALIA)” celebrará a súa segunda edición no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) do 20 ao 22 de maio de 2008, por ser Galicia un dos referentes na construción naval e na industria marítima a nivel estatal, e por entender a súa organización que unha feira destas características é rendible para a industria e unha importante ferramenta de promoción para as empresas do sector naval mundial.

(...)

A Consellería de Innovación e Industria está a tramitar o correspondente procedemento de contratación do servizo para a súa participación institucional na feira sinalada, polo procedemento negociado sen publicidade ao amparo do artigo 210 b) do TRLCAP, que permite a utilización deste procedemento “Cando por razóns técnicas ou artísticas ou relacionadas coa protección de dereitos exclusivos tan só poida encomendarse o obxecto do contrato a un único empresario”. Tal situación dáse neste expediente de contratación, xa que a única empresa habilitada para a realización da feira é “Muéstalo Organización de Eventos Feriales, S.L”, en virtude do contrato de 2 de xaneiro de 2008 entre esta entidade e o Instituto Feiral de Vigo (IFEVI) de cesión temporal de uso do recinto feiral de Cotogrande e así mesmo pola autorización de data 10 de xaneiro de 2008 da Dirección Xeral de Comercio para a realización do evento.

O orzamento máximo autorizado para esta contratación ascende a 180.000 euros, polo que de conformidade co artigo 25.1 do TRLCAP a empresa deberá acreditar a súa clasificación como contratista de servizos, que de conformidade co establecido na cláusula E da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen nesta contratación debería ser no Grupo L, subgrupo 5, categoría D. Porén esta mesma cláusula sinala que no suposto de que o empresario non conte coa dita clasificación, este requisito será substituído polo cumprimento dos seguintes, sempre que concorran ambos os dous:

- *Que a entidade acredite a súa solvencia económica e financeira, así como a técnica ou profesional de conformidade co disposto nas cláusulas F e G da presente folla de especificacións.*
- *E que o Consello da Xunta autorice a contratación nestas condicións, por razóns de interese público, despois do informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da C. A. de Galicia, de acordo co previsto no punto 3 do citado artigo 25 do TRLCAP e no artigo 2.2 do*

Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea e se regulan a composicións e funcións da dita xunta

Logo de que se lle cursara a correspondente carta de invitación para participar neste procedemento de contratación á entidade “Muéstralo Organización de Eventos FERIALES, S.L.” ésta presenta con data 8 de abril de 2008 no rexistro desta Consellería dous sobres (sobre A e sobre B) para participar no procedemento e nese mesmo día procédese á apertura do sobre A, constatándose que a empresa non acredita a clasificación esixida nos pregos que rexen nesta contratación, pero acredita a súa solvencia económica financeira e técnica ou profesional.

O artigo 25.3 do TRLCAP establece que “Excepcionalmente, cando así sexa conveniente para os intereses públicos, a contratación con persoas que non estean clasificadas poderá ser autorizada polo Consello de Ministros, previo informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no ámbito da Administración Xeral do Estado”. No ámbito das Administracións das Comunidades Autónomas dita autorización será outorgada polos órganos competentes”

Neste suposto existen razóns de interese público debido a que a Consellería de Innovación e Industria valora moi positivamente a súa participación institucional na feira co obxecto de dar a coñecer o potencial do noso sector naval.

Por todo o exposto, e ao amparo do artigo 25.3 do TRLCAP e da cláusula E da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas que rexen citada contratación SOLICITO INFORME DA XUNTA CONSULTIVA DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA previo á autorización polo Consello da Xunta para a contratación cun empresario non clasificado.

Achégase a emisión de informe a seguinte documentación:

- *Informe da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas que rexen nesta contratación*
- *Informe de Asesoría Xurídica*
- *Xustificación da utilización do procedemento negociado sen publicidade ao amparo do artigo 210 b) do TRLCAP*
- *Contrato de data 2 de xaneiro de 2008 entre IFEVI e Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L.*
- *Autorización de data 10 de xaneiro de 2008 da Dirección Xeral de Comercio para a organización do evento*
- *Xustificación da solvencia aportada no sobre A pola entidade “Muéstralo Organización de Eventos FERIALES S.L.”*

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

A teor do disposto no artigo 2.2 do Decreto 237/2007, de 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación da Comunidade Autónoma e se regulan a súa composición e

funcións, este órgano consultivo asume as competencias para emitir informe con carácter preceptivo nos supostos en que así se estableza na normativa estatal básica sobre contratación administrativa.

Tratándose dunha solicitude sobre posible adxudicación dun contrato de servizo a unha empresa non clasificada procede indicar que o Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 xuño, (en adiante TRLCAP), dispón, no seu artigo 25.3 que *“excepcionalmente, cando así sexa convinte para os intereses públicos, a contratación con persoas que no estean clasificadas poderá ser autorizada polo Consello de Ministros, previo informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no ámbito da Administración Xeral do Estado. No ámbito das Administracións das Comunidades Autónomas a devandita autorización será outorgada polos órganos competentes”*.

Dado o carácter de normativa básica do artigo antedito enténdese competencia deste órgano a emisión deste informe preceptivo previo o seu sometemento á aprobación do Consello da Xunta de Galicia a fin de que poida autorizar a contratación de referencia.

O respecto, indicar en primeiro lugar que a autorización do Consello da Xunta como substitutoria do sistema de clasificación ten carácter excepcional e só pode ser usado nos casos en que concorran circunstancias tamén excepcionais, toda vez que o réxime xeral ven establecido no parágrafo 1 do artigo 25 do texto legal segundo o que *“para contratar coas Administracións Públicas a execución de contratos de obras ou de contratos de servizos ós que se refire o artigo 196.3, (...) por presuposto igual ou superior a 120.202,42 euros, será requisito indispensable que o empresario teña obtido previamente a correspondente clasificación”*.

Pasando ao exame do caso concreto para o que se solicita informe desta Xunta debe facerse constar que a empresa proposta e a única que pode, con carácter exclusivo, realizar a Feira “Navalia” en atención o contrato de cesión de uso temporal dos pabellóns 1,2 e 3 do recinto ferrial de Cotogrande asinado con data 2 de xaneiro de 2008 co Instituto Ferial de Vigo (IFEVI) a máis da autorización de 10 de xaneiro de 2008 da Dirección Xeral de Comercio para a realización do evento.

Doutra banda a empresa aporta ó procedemento de licitación documentación acreditativa de solvencia técnica e económica, en previsión -xa recollida polo prego de cláusulas administrativas particulares- da falta de clasificación e da necesidade de acudir a esta excepcionalidade para proceder á súa contratación.

Sinalar finalmente que o tempo transcorrido entre a data en que a empresa gozaba de todas as autorizacións necesarias para xustificar a viabilidade do proxecto ante a Consellería de Innovación e Industria e a celebración mesma do evento -15 a 26 de maio de 2008- fan inviable a tramitación, estudo e resolución dun expediente de clasificación con anterioridade á celebración do contrato.

CONCLUSION

Polo exposto, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa entende suficientemente xustificade que pola Consellería de Innovación e Industria se considere convinte aos intereses públicos a celebración dun contrato coa empresa “Muestralo, Organización de eventos Feriales

S.L.” e se someta ao Consello da Xunta para a súa preceptiva autorización ao amparo do disposto no artigo 25.3 do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.